

## CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

## BANDO

### ORGANIZACIÓN E UTILIZACIÓN DE ESPAZOS NA HOSTALARÍA

O xoves día 25 de febreiro de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Sanidade para regular as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura.

#### INFORMACIÓN AOS CLIENTES

É **obligatorio** que os establecementos do sector hostaleiro dispoñan dun **CARTEL** nun lugar visible do acceso ao establecemento, preferentemente na porta de entrada, no cal conste a seguinte información:

- Capacidade máxima interior e exterior permitida en condicións normais
- Porcentaxe máxima de uso interior e exterior establecida pola autoridade sanitaria.
- Capacidade máxima interior e exterior permitida en cada momento en función da aplicación da porcentaxe máxima de uso establecida pola autoridade sanitaria.

A persoa responsable do establecemento virá obrigada a **manter actualizada esta información**. Os **modelos de cartel** a empregar serán os da páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/>.

#### CÁLCULO DAS CAPACIDADES E PORCENTAXES MÁXIMAS DE USO

##### Interior

- A capacidade interior calcularase tendo en conta a superficie interior (m<sup>2</sup>) e excluindo do cómputo os m<sup>2</sup> correspondentes aos aseos, á barra e zona interior da barra. A superficie interior resultante será a que sirva para determinar a capacidade interior.
- A capacidade interior será a resultante de dividir a superficie interior (m<sup>2</sup>) entre 1.5, co fin de garantir unha superficie mínima de seguridade por persoa usuaria.
- A capacidade interior obtida a través deste cálculo non poderá ser superior á capacidade máxima establecida no correspondente título habilitante de carácter municipal. Nese caso, prevalecerá a capacidade consignada na licenza municipal.
- Á capacidade interior aplicaráselle a porcentaxe máxima de uso que estableza en cada momento a autoridade sanitaria, en función da situación epidemiolóxica e do correspondente nivel de restricións.

##### Exterior

- Para a capacidade exterior computarase a superficie de terraza establecida no correspondente título habilitante de carácter municipal. A superficie exterior resultante será a que sirva para determinar a capacidade exterior.
- A capacidade exterior obtida a través deste cálculo non poderá ser superior á establecida no correspondente título habilitante de carácter municipal. Nese caso, prevalecerá a capacidade consignada no indicado título.
- Á capacidade exterior aplicarase a porcentaxe máxima de uso que estableza en cada momento a autoridade sanitaria, en función da situación epidemiolóxica e o correspondente nivel de restricións.

A distribución das mesas e cadeiras deberá respectar as distancias mínimas de separación previstas pola autoridade sanitaria, e procederase a inutilizar, mediante bandas ou adhesivos, as mesas e cadeiras que sexa necesario de xeito que se cumpran as porcentaxes máximas de uso en cada momento.

#### RASTREXABILIDADE

A persoa titular do establecemento **obterá un código QR na páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/>**. A través da aplicación da Xunta de Galicia Passcovid, os usuarios do establecemento poderán rexistrar a súa presenza nel mediante a captura do código QR. Para aquelas persoas que non dispoñan da aplicación Passcovid, o local poderá dispor de QR personalizados para entregarlles aos usuarios.

**As obrigas de dispor dun cartel e obter un código QR ou de dispor dun código QR personalizado, terán efectos a partir das 00.00 horas do día 5 de marzo de 2021.**

Meira, 01 de marzo de 2021.

